

Rita Rodríguez

Por que utilizas un proceso performativo como medio habitual de expresión?

—Eu penso nos meus procesos como escultóricos, polo que neles atinxe ao contexto formado polo espazo, pola xente e as condicións que dan lugar a un ambiente determinado e incontrolable que, sen dúbida, resulta o xerme do novo dentro do control para a produción de xestos.

Cales son as preocupacións fundamentais no teu traballo?

—Preocúpame o que antes dicía e, máis que de preocupación, falaría de fascinación; fascinación pola xente, polo ámbito e curiosa avidez por coñecer as reaccións e o funcionamento da máquina que, nutrida pola enerxía vital, non para de funcionar nunca.

Dáme un mínimo de seis adxectivos que —segundo o teu criterio— definan o que é arte para ti.

—Vida, curiosidade, po, liberdade, caca e crise.